

## DOMINGO 31 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Mal 1, 14b - 2, 2b. 8-10

**Apartastes a moitos do vieiro, desviástelos do cumprimento da lei.**

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE MALAQUÍAS

Eu son o grande Rei -fala o Señor dos Exércitos-,  
e o meu Nome é temible entre os pobos.  
Agora esta orde vai para vós, sacerdotes:  
Se non facedes caso e se non colledes a peito  
darlle gloria ao meu Nome -fala o Señor dos Exércitos-  
botarei contra vós a maldición.  
Pero vós apartastes a moitos do vieiro,  
desviástelos do cumprimento da lei,  
violastes a alianza con Leví -fala o Señor dos Exércitos-.  
Tamén eu vos volverei desprezables e viles para todos os pobos,  
na medida en que vós non gardastes os meus vieiros,  
e na medida en que non considerastes estimable a lei.  
Non temos todos nós un único Rei?  
Non vos criou a todos o único Deus?  
Por que traizoamos cada un ao seu irmán,  
violando a alianza de nosos pais?

SALMO RESPONSORIAL Sal 130, 1. 2. 3

**R/ Garda, Señor, a miña vida en paz diante de ti**

O meu corazón, Señor, non é soberbio  
nin os meus ollos altaneiros.  
Non persigo grandeza  
nin marabillas que me exceden.

Eu acalmo e acalo a miña ansia,  
coma un meniño no colo da súa nai;  
coma nun meniño está en min a miña ansia.

Espera, Israel, no Señor,  
desde agora e para sempre.

SEGUNDA 1 Tes 2, 7b-9. 13

**Queriamos entregarvos non só o Evanxeo de Deus, senón tamén a nosa vida**

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS TESALONICENSES**

Irmáns e irmás:

Fixémonos tenros no medio de vós, coma unha nai que agarima os seus fillos. Polo cariño que vos tiñamos estabamos dispostos a entregarvos non só o Evanxeo de Deus, senón a nosa propia vida: tanto vos fixestes querer. Acordaravos, irmáns, o noso esforzo e fatiga: traballando noite e día, por non sermos unha carga para ningún de vós. Así foi como vos predicamos o Evanxeo de Deus.

É tamén por isto polo que lle damos decote grazas a Deus: porque, ao recibirdes de nós a palabra de Deus, acolléstela non coma palabra de homes senón coma o que verdadeiramente é: coma palabra de Deus, que actúa en vós, os crentes.

ALELUIA Mt 23, 9b. 10b:

Un é o voso Pai, o celestial; e un é o voso mestre, Cristo

### **DOMINGO 31 ORDINARIO CICLO A**

**EVANXEO Mt 23, 1-12:**

**Din, pero non fan**

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Daquela dixo Xesús:

- Na cátedra de Moisés sentaron os letrados e mailos fariseos. Facede, logo, e cumpride canto vos digan, pero non imitedes a súa conducta porque falan pero non cumpren. Atan fardos pesados e cánganos no lombo dos outros, pero eles nin un dedo poñen para os mover. Todo o que fan é para que os vexan: visten aparatosamente, ancheando as filacterias e as franxas dos seus mantos; buscan os primeiros postos nos banquetes e os primeiros asentos nas sinagogas; que lles fagan reverencias nos rueiros e que os chamen "mestre".

Pero vós non vos fagades chamar "señor mestre", pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns. E a ninguén chamedes "pai" na terra porque un só é o voso Pai: o celestial. Nin tampouco vos fagades chamar "dirixentes", porque un só é o voso dirixente: Cristo. O máis importante entre vós debe ser o voso servidor. Porque quen se enaltece será rebaixado, e quen se rebaixa será enaltecido.